



### Falando da emigración sen emigrantes

O columnista de EL PROGRESO Xoán Soto, definía así un dos últimos actos do PP na Galiza. "Hai que botarlle moita cara á cousa para titular de convención sobre a emigración o guacaneio celebrado polo PP o Sábado pasado en Lugo. España é un país extraordinariamente fecundo en achados inverosímiles. Ao

enxeño español débese, por exemplo, a tortilla sen ovos, nutritivo descubrimento que talvez lembren os lectores entrados en anos e os historiadores culinarios especializados na rama de escaseras, racionamentos e outras depauperacións posbélicas. Sendo rareza asombrosa a tortilla sen ovos non o foi tanto como outra invención coetánea da nutrición: a democracia sen democracia, que iso vifia ser, pouco máis ou menos, aquela democracia orgánica por aclamación e encarceramento, que tantas xa cegadoras luces segue deitando sobre as nosas institucións. Á ilimitada tradición española de invencións insólitas únenselle agora as convencións sobre emigración sen emigrantes. Que Javier Arenas é persoal foráneo ninguén o dubida: non hai máis que oírlo falar. Pero de aí a outorgarlle carta migratoria hai, parece-me, un abismo. Salvo que o PP perse incorporar ao seu programa audaces propostas independentistas, con establecemento de pasos fronteirizos e ministros de Estado". ♦

Páxinas de A Nosa Terra, do 11 de Novembro de 1999, e de La Voz de Galicia, do 24 de Xaneiro de 2000.



F. BERGANTINOS

## Xaime Illa Couto

### 'Os que proceden da estratexia comunista están deformando a realidade de Galaxia'

⇨ CARME VIDAL

CADA MAÑÁ BOTA A MAN POR RIBA DA TALLA EN MADEIRA COA FIGURA DE CASTELAO QUE TEN NO CORREDOR DA SUA CASA VIGUESA. XAIME ILLA COUTO FUNDOU HAI CINCUENTA ANOS GALAXIA, UNHA INICIATIVA QUE, AD SEU VER, QUERIA TER CONTINUIDADE CO IDEÁRIO DE CASTELAO E RECOLLER AS INQUEDANZAS DE TODOS OS GALEGUISTAS. RECOÑÉCESE ILLA COUTO COMO O "PROXECTISTA" DAQUELA ESTRATÉXIA NA QUE A EDITORIAL ERA SO O "ICEBERG, A PARTE VISÍBEL". CON VOCACIÓN DE FILÓSOFO, XAIME ILLA CHEGOU A ECONOMÍA NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, ONDE DESCOBRIU A NECESIDADE DE TER UNHA TEORÍA FEITA DESDE O PAÍS. CON ESE OBXECTIVO FUNDA A REVISTA DE ECONOMÍA E APOIA A CARREIRA DE XOSÉ MANUEL BEIRAS. XAIME ILLA COUTO EXPLICA O PROXECTO POLÍTICO DE CONCIENCIACIÓN GALEGUISTA CANDO SE CUMPREN 50 ANOS DA CRIACIÓN DE GALAXIA.

Galaxia fúndase o mesmo ano da morte de Castelao.

E mantíña unha continuidade coa súa personalidade, como paradigma e como exemplo ademais de recoñecernos no seu compromiso real co país. Castelao é o home que se identifica co povo e ese sentimento dáse nos dous sentidos porque o povo ten tamén a intuición de ser el o seu representante. No ano 36 foi o deputado máis votado pero xa no 31 moita xente apostara por el. A xente dicía *cousas da vida por Castelao* como unha frase feita. Fronte un tipo de ilustración plenamente racionalista e abstracta está a intelixencia emocional que, como dicía Ramón Piñeiro, é a característica de Galiza porque a radicalidade do galego é a afectividade, o sentimento que está expresado en algo común con Portugal que é a saudade. En Castelao temos tres aspectos cruciais: a intelixencia emocional, a ética e o compromiso co país.

Pero a creación de Galaxia tense explicado como unha estratexia coa que o exilio non concordaba.

O que se quería facer era —en tempos difíciles, nos anos escuros— dar unha continuidade ao galeguismo, era a nosa aportación á historia do país. Perversamente se sobrevaloran as discrepancias que tiñamos con América e co Consello de Galiza. Non existe nengunha confrontación profunda, a identificación con Castelao era plena. Isaac Díaz Pardo e todos os que están falando que proceden da estratexia comunista están deformando a realidade porque nós o único que facíamos era dicir que estábamos vivindo no país. Era un proceso diferente ao que vivían os exilados coa morriña pola Frente Popular e o Estatuto. Piñeiro dicía, "virá a monarquía, a república, pero non volveremos a ese momento". Non era enfrontamento. Gracias

a Piñeiro, que levou a autorización expresa, conseguiu que o goberno de Giral incorporase a Castelao e eran os comunistas os que non querían polo seu receo de sempre co galeguismo. Agora vese, para o seu desconsolo, que é o galeguismo o que quedou desa historia e a nós satisfainos porque a nosa preocupación non era criar un minifundio ideolóxico. Sabíamos que tiñamos un horizonte moi longo e pensabamos que o que compria facer era galeguizar todas as forzas políticas reais, pasar dun Partido Galeguista que era minoritario. Por iso se fixo Galaxia para concienciar, mentalizar no único campo onde podiamos traballar, aínda que con dificultades. Vostede aparece como o au-

**'Pensabamos que o que compria era galeguizar as forzas políticas reais, pasar dun Partido Galeguista que era minoritario'**



### tor do proxecto, recoñécese nese papel?

Un dos valores de *Galaxia* é que é un proxecto de grupo. Foi un traballo solidario de equipa pero dentro dela a miña aportación foi a de proxectista -sempre me gustou facer organigramas-, como explico no prólogo do libro *Construír Galicia*. *Galaxia* pretendeu sempre identificarse coa nosa colectividade, moi especialmente cos galeguistas. Cando buscamos o amparo formal do código de comercio facendo unha sociedade anónima tratamos de que fora un instrumento ao servizo do galeguismo, non como moitos din de *piñeirismo* ou *culturalismo*. Por iso levamos a persoas representativas do que fora o galeguismo político como Gómez Román, Otero Pedraio que fora o último presidente do Seminario de Estudos Galegos, Paco del Riego, secretario xeral das Mocidades e tamén moita xente nova. Houbo quen foi pagando as accións que se subscriberon como sociedade anónima a cincuenta pesetas mensuais durante máis dun ano. Tiñamos a limitación de que non se podían subscribir máis de dez para que non houbera ningún grupo que predominase.

### Defende que era unha obra colectiva e voluntariosa?

Axudaron todos. O consello de administración estaba presidido por Otero Pedraio pero del formaban parte Gómez Román, Ferro Couselo, Sebastián Martínez Risco, António Fernández Pérez e uns cantos homes máis. Pero logo había un comité de decisións, onde non se cobraba absolutamente nada, e ali estaban Antón Beiras, Xohán Ledo, Rufo Pérez, Paco del Riego, Emilio Álvarez Blázquez, Luís Viñas Cortegoso e eu mesmo. Todos nós traballamos de xeito colectivo ademais de aqueles que axudaban espallados por toda Galiza. Ninguén dubidaba de que ali estaba representado todo o galeguismo. A nosa preocupación ía máis alá de ser unha empresa cultural. A editorial, que era o que se vía, era a parte máis pequena, tivemos que valernos de meios que non levantarían sospeitas.

### Que ía entón máis alá do proxecto editorial?

Por exemplo, unha das cousas que fixo *Galaxia* nesa etapa, cando España se incorpora á Unesco, é mandar desde aquí, redactado por Ramón Piñeiro, un informe sobre as agresións culturais que se cometían na Galiza e que causou moito impacto. Ali estaba Ruíz Giménez, ministro de Instrución Pública daquela, con Fraga Iribarne que comezaba a súa carreira política. Foi presentado polos centros galegos pero fixérase na Galiza, como moitas outras cousas. Ao amparo de que eu era avogado facíamos moitas reunións no *Hotel Moderno*, na Porta do Sol de Vigo. *Galaxia* viña ser unha sorte de instrumento, de aparello de impulsión pero había toda unha actividade de conxunto. Non era nengunha torre de marfil. Situamos a Ramón Piñeiro na pensión máis miserábel de Santiago, porque non había cartos, cando el era o único home que vivía adicado dunha maneira total e absoluta a Galiza, non para escribir libros senón para comezar a tomar contacto con intelectuais como Luís

Pimentel, García Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Díaz Castro...

### Tentan desde o grupo fundacional integrar novas xeracións de galeguistas daquela estudantes en Compostela?

Ciáro que se comezou a tomar contacto cos estudantes. Algo excepcional de *Galaxia* no panorama editorial foi ofrecerlle que xestionaran unha colección a estudantes que aínda estaban na carreira. Eles poñían o título, buscaban os autores... e nós o que facíamos era patrocinala. Puxéronlle o nome de *Illa Nova*. Agora hai moitos narradores pero daquela comezaban grácias a esta colección. Ali ten un libro Paco Rodríguez, Franco Gran-

de, Xohana Torres, Ferrín tendous, máis adiante Alfredo Conde... Era moi difícil que nós poderamos refacer a nosa vida, Paco del Riego estaba destituído do seu posto de profesor en Santiago, eu botado da carreira de Pedagogía e tivera que facer por libre Dereito.

A Beiras mandámolo a Francia e trouxémolo de boiseiro para a Fundación Penzol. Preparou a tese doutoral e as oposicións e eu fixeno axudante meu sen pedir permiso na escola a ninguén. A Unidade Galega de Nova Lorde, coa que tiñamos contacto, preguntounos que se podía facer e nós dixemos que un premio de economía que, na súa primeira convocatoria foi para Beiras. Foi, nese sentido, un ho-

me de *Galaxia*. Beiras é cate-drático logo en Santiago polos seus indubidábeis talentos, pero tamén polo entorno que tivo. Piñeiro estivo en Madrid na súa oposición, eu íalle dar clases a Santiago ás veces en taxi e mandámolo a Francia cunha bolsa a escolte entre todos nós.

### Respondía tamén á súa arela de facer unha economía propia?

No cuarto número da colección *Grial* fago un ensaio sobre a economía galega e defendo a necesidade que tiñamos de facer unha teoría económica propia. Como non nos autorizaban unha revista proxectara unha especie de libro-revista da que fixen a primeira diagramación, que logo ía resolver Carlos Maside. O primeiro número titulábase *presencia de Galiza*. No primeiro número Piñeiro fixera o seu famoso ensaio "Significado metafísico da saudade" porque quixo buscar un tema filosófico que non erguera sospeitas para facer unha afirmación propia: que a condición do galego é a afectividade. Juan Aparicio métese con nós desde *Pueblo de Madrid* e Castroviejo polemiza desde *El Pueblo Gallego de Vigo*. Aparicio suspendeu a publicación desde o posto de director xeral de prensa. No número catro eu falaba dos atrancos que representaba para Galiza o tipo de desenvolvemento que se estaba facendo, unha industrialización que non se acomodaba á diversidade e ao hábitat disperso noso. Hai unha frase que atribuen a Barré que di: "menos poesía e máis quilowátios". Os galeguistas tiñamos preocupación pola economía do país e por iso criamos a *Revista de Economía*. Daquela non había economistas e, co noso traballo, tivemos que criar un consello de redacción con xente como António Fer-

nández López, que era presidente de Zeltia, Álvaro Xil e outros.

### A súa teima pola creación dunha revista viña xa de lonxe.

De cando no 36 fundamos a Unión Galega de Estudantes na Casa del Pueblo. Ali é onde comezou a historia. Estudamos a posibilidade de facer unha revista creando unha especie de cooperativa. Eu pedíralle un preposto a Anxel Casal. Sempre pensamos nese tema editorial.

### A *Revista de Economía de Galicia* ten tamén os seus atrancos.

Mirábanos como ilusos. Piñeiro facía un editorial de carácter sócio-cultural e eu outro sócio-económico. Cando incorporei a Beiras á dirección tamén el facía editoriais. Puxéronnos unha multa por un que el elabora sobre o plano marisqueiro. O certo é que a revista saía e, por exemplo, ali analizamos o problema madeireiro. Beiras destaca a súa importancia no deserto que había na Galiza. Fala tamén do meu primeiro traballo nos anos cincuenta e, de certo, todo aquilo formaba parte do proxecto. Non queríamos publicar só obras literarias, de feito, retiramos un pouco a poesía por aquilo de que os galeguistas só nos adicabamos aos versos. Despois publicamos a colección *Salnés*, cun selo editorial distinto, que ten trinta e tantos tomos. Dixéramoslle a Paco del Riego que se fixera cargo dela con Emilio Álvarez Blázquez e Celso Emilio Ferreiro.

### Tivo tamén un intento de promover a canción galega.

Basilio Losada leu *Grial* e quedou entusiasmado. Eu tiña amigos na Nova Cançó Catalana e falei con el porque pensei que tamen na Galiza necesitabamos iso. Atopamos un cantante catalán que estaba disposto a cantar en galego. Entón decidimos mandar os textos, entre eles, a canción de Joan Baez, "Venceremos Nós" que, por certo, Méndez Ferrín se negou a traducir porque non lle pareceu suficientemente revolucionaria. Despois dinlla a Xohana Torres e a Franco Grande, que traballaba no meu despacho porque mo mandara Piñeiro. Franco, con Beiras ao piano, foi elaborando a canción. A fins dos setenta cando estábamos na misa de Rosalía no día de Galiza a UPG convocara unha manifestación. Viñeron pola tarde até ali a provocar. Eu mirei para Ferrín cantando "Venceremos nós" porque ademais aquel ano conseguimos que o coro interpretase por vez primeira o hino galego. Cantel forte e mirei para Ferrín dicíndolle cos ollos que, por el, non teríamos aquel tema musical na nosa lingua. A policía deunos vergallazos pero eu decidín continuar cantando. ♦



P. BERGANTIÑOS

## 'Sacrificámonos e non mantivemos o Partido Galeguista'

### Non concordaban co nacionalismo que se estaba a organizar?

O que ocorre é que nós queríamos que as forzas políticas reais operativas se galeguizasen. *Galaxia* o que tiña que facer era o papel de axuda e non se podía comprometer cun sector determinado. Sacrificamos o que para nós sería máis confortábel como era manter un partido galeguista único. Queríamnos preparar para a normalización política deste país, crear instrumentos que servían para a concientización nos valores galegos, que se configurasen forzas políticas propias. Piñeiro dicía que tiñamos que loitar mesmo contra a nosa sociedade que

estaba alienada. O galeguismo tiña que conquistar á xente. Por que me metín a traballar no campo cristián? porque o 50% está votando a Fraga e eu pensei que había que gañar a esa xente. Unha das razóns para que o Bloque teña esa acollida é porque o povo contacta con eles porque os dignifican.

### Por que non continuaron logo co Partido Galeguista e promover organizacións como Realidade Galega ou, no seu caso, o Partido Popular Galego?

Ese debate está falseado. Había que preguntarlle aos que din iso se eles estaban dispostos a estar no PG no ano 36. Non

podían concebir un nacionalismo que fose interclasista. O que ocorre é que o galeguismo se se quere proxectar na sociedade non pode pensar nun partido onde esten todos xuntos como foi ao comezo. Iso está ben para o Seminario de Estudos Galegos pero non para unha organización partidista. Neste momento no país, o BNG, é o que está máis centrado na realidade porque está na situación de globalización e localización. Ten o poder da identidade, a ligazón aos intereses propios. Buscar a diferenciación positiva é posíbel, como se fixo en Allariz, recuperando os valores propios e facendo ao tempo un traballo de revalorización económica. ♦

**'Neste momento é o BNG o que está máis centrado na realidade porque ten o poder da identidade e a ligazón aos intereses propios'**

Publico Diaria-30

# A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Dez alcaldes na manifestación  
contra o peaxe

4

O PNV agarda que HB lle pida a ETA  
unha nova trégua

18



Francisco  
Lores,  
candidato  
nacionalista  
para os emigrantes


10

O PSOE propónlle por primeira vez  
un pacto de goberno a IU

19

Paco Pestana, artista acedo  
que non quer traicionar aos seus

25



27 DE XANEIRO • 2000 • ANO XXIII • IV XEIRA

FUNDADO EN 1907

Nº 919 • 200 PTA

As mulleres que marchan son máis do 40% nalgúns épocas e o 75% das retornadas non atopa traballo

## O DIFÍCIL RETORNO DAS MULLERES EMIGRANTES



MIGUEL RIOFA

### Polo galego no ensino

Milleiras de estudantes retornaron, o Mercores 26, as mobilizacións. Reclaman da Xunta que aplique a lexislación que establece o mínimo de materias a impartir en galego, unha lexislación que, segundo os propios datos da Consellería, non se cumpren.

### Castelao Obras

Castelao para todos en Editorial Galaxia. Agora: o tomo I da primeira edición crítica da súa obra escrita.



CASTELAO  
EDICIÓN DE  
CINCUENTENARIO EDITORIAL GALAXIA

### A corrupción retórica fronte aos atentados

A irrupción do novo atentado de ETA no cenário político, aínda sendo previsíbel desde o seu comunicado do 28 de Novembro, sacudiu á cidadanía, mentres a maioría dos responsábeis sociais, políticos e institucionais voltan á mesma retórica de sempre: reclamar unanimidade fronte ao terror con afirmacións tan absolutas como estériles, confundindo a unanimidade ante a dor coa unanimidade das posibles estratexias que podan parar tanto horror. Instalan aos cidadáns, coa impagábel axuda da case totalidade dos medios de comunicación e dos que neles traballan, na corrupción retórica, impedindo todo debate político —un debate sobre o xeito e a maneira de parar a violencia— facéndonos ver que toda discrepancia política atenta contra os principios da democracia, da paz e da vida. Mesmo podendo, como a socialista Rosa Díez, que "non caíamos na trampa de usar a lóxica democrática". Desde que se soubo que ETA voltaría a atacar, os partidos estatais invertiron todos os seus esforzos na tarefa de preparar a súa posición para cando se producese o primeiro morto. Cabe preguntarse se non sería mellor encamiñar os esforzos políticos na procura de solucións, tal como reclaman a cidadanía nos inquéritos e nas mobilizacións. ♦

Normalización Lingüística pagou parte da visita electoral de Ana Botella (Páxs. 5)

Illa Couto acusa 'aos da estratexia comunista' de desvirtuar a historia de Galaxia (Páxs. 8 e 9)

A historia do pintor Francisco Miguel e da súa dona Syra Alonso contada polo seu fillo Xoan Ramón (Páxs. 32 e 33)